

## «PERSOAL TÉCNICO DE APOIO» 2025 INSTRUCCIÓN PARA PRESENTAR CANDIDATURAS

A Agencia Estatal de Investigación vén de publicar no BOE (28/09/2025) o extracto da Resolución da Presidencia da Agencia Estatal de Investigación pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada, correspondente ao ano 2025, das axudas para persoal técnico de I+D+i (PTA), do Programa Estatal de Recursos Humanos no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2024-2027, que se pode consultar no seguinte enlace: [Convocatoria Persoal Técnica de Apoio 2025](#)

### *Obxectivo*

Incentivar a contratación laboral de persoal técnico de I+D+i en Centros de I+D, destinados ao manexo de equipamentos, instalacións e demais infraestruturas de I+D+i co gallo de incrementar e mellorar as prestacións e rendemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas.

### *Fases da convocatoria*

A convocatoria diferencia dúas fases:

- a. A presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas que cumpran os requisitos exixidos pola convocatoria e que deberán tramitar persoalmente mediante o formulario electrónico de solicitude tal e como indican as bases, cuxo prazo estará aberto entre o 8 e o 22 de outubro de 2025 ás 14.00 horas.
- b. A presentación dunha solicitude única por parte dos centros de I+D, Universidade de Vigo neste caso, coa relación de técnicas e técnicos candidatos que presentan a súa candidatura e cuxo prazo remata o 29 de outubro de 2025 ás 14.00 horas.

### *Requisitos para poder participar na convocatoria*

a) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

1º Titulación universitaria: Licenciatura, Enxeñaría, Arquitectura, Grao, Máster, Diplomatura, Enxeñaría Técnica ou Arquitectura Técnica.

2º Titulación no marco da formación profesional do sistema educativo: Técnico Superior.

As persoas participantes deberán estar en posesión da titulación na data de finalización do prazo de presentación da solicitudes, 22 de outubro de 2025 .

b) Non estar disfrutando nin disfrutar en data posterior, dun contrato cofinanciado polas axudas concedidas por esta actuación en convocatorias anteriores.

c) Non estar vinculada laboralmente coa Universidade de Vigo entre o 17 e o 29 de outubro de 2025, ámbolos dous días incluídos.

### *Características dos contratos*

- Duración dos contratos: 3 anos, contados desde a data de incorporación da/o técnica/o ao posto de traballo na Universidade de Vigo. Esta data será proposta pola Universidade dentro dun prazo de tres meses contados dende o día seguinte á data de publicación da resolución de concesión na páxina web da Agencia Estatal de Investigación e será necesariamente o día 1 do mes que corresponda.
- Retribución bruta anual:  
  
24.400 euros no caso de persoas tituladas universitarias (licenciatura, enxeñería, arquitectura, grao, máster, diplomatura, enxeñería técnica, arquitectura técnica)  
  
20.400 euros no caso de persoal tituladas como Técnico/a Superior no marco da formación profesional do sistema educativo.

En todos os casos, a contratación das persoas seleccionadas estará condicionada á concesión da axuda solicitada pola Universidade de Vigo.

### *Tramitación da candidatura*

Dada a imposibilidade material de realizar unha convocatoria interna de selección de candidaturas establécese o seguinte procedemento interno:

1. Encher o **formulario** que aparece como anexo a estas instrucións e presentalo mediante unha Instancia xenérica SXER, dirixida ao Servizo de Recursos Humanos de Investigación, a través da sede electrónica da Universidade de Vigo accesible neste enlace <https://sede.uvigo.gal/>

O formulario debe vir acompañado da documentación que se indica nel, entre ela o **CVA** que debe ser necesariamente o modelo que se ofrece na páxina da convocatoria:

[Acceso aos modelos de solicitude de PTA](#)

O prazo para presentar o formulario e documentación **remata o 10 de outubro de 2025**.

Só se poderá ter en conta a documentación presentada sen posibilidade de emenda.

É responsabilidade da persoa que presenta unha solicitude ler con atención as bases da convocatoria de axudas de persoal técnico de I+D+i en Centros de I+D.

2. Os CVAs recibidos serán enviados ás direccións dos centros/institutos que ofrecen unha praza de PTA para que sexan valorados e poidan seleccionar unha única candidatura por praza.

Os CVAs serán editados nos datos persoais de forma que se remitirán cegos e a dirección dos centros/institutos deberá emitir un informe por cada candidatura motivando a súa selección ou descarte.

As direccións de centros/institutos poderán pedir, a través do Servizo de Recursos Humanos de Investigación, documentación complementaria ou aclaratoria ás persoas que presentan unha solicitude.

3. Como moi tarde o 17 de outubro publicarase no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo unha listaxe indicando unicamente as persoas seleccionadas ordeadas conforme orde de preferencia.
4. As persoas seleccionadas para presentar unha solicitude de axuda PTA entrarán en contacto coas direccións de centros/institutos para que se lle facilite a memoria de actividades que deberán presentar xunto co resto de documentación a través da sede electrónica do Ministerio.

### *Aviso relevante*

Na tramitación do formulario de solicitude na sede electrónica do Ministerio que debe realizar quen presenta unha candidatura, é necesario consignar como organismo seleccionado o código da Universidade de Vigo, non o da Fundación Universidade de Vigo.